

O SECTOR DAS ARTES ESCÉNICAS DE GALICIA



ÍNDICE

ESPAZOS ESCÉNICOS	3
MERCADO	3
ANÁLISE DO TECIDO PRODUTIVO.....	5
ANÁLISE LABORAL.....	7
ANÁLISE DA DEMANDA	8
ANÁLISE DO TRATAMENTO DO SECTOR NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN	11
OUTROS ÁMBITOS DO SECTOR DAS ARTES ESCÉNICAS.....	13

ANALISE DO MERCADO DAS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA

ESPAZOS ESCÉNICOS

Na actualidade, practicamente a totalidade dos concellos contan entre as súas infraestruturas con algún tipo de recinto no que, de maneira puntual ou cunha frecuencia predeterminada, se veñen programando representacións escénicas.

As cidades de A Coruña e Santiago de Compostela son as que contan cun maior número de espazos escénicos de titularidade pública en Galicia, con 5 e 6 espazos respectivamente.

A RGTA contou no ano 2006 cun total de 65 espazos escénicos, distribuídos nos 44 concellos adscritos á mesma.

A provincia de A Coruña agrupa o 41% dos espazos da RGTA, seguida da provincia de Pontevedra, cun 37% dos mesmos. As provincias de Lugo e Ourense posúen, respectivamente, o 14% e o 8% dos espazos.

A provincia de Pontevedra posúe 2,6 espazos asociados á RGTA por cada 100.000 habitantes. Do mesmo xeito, as provincias de A Coruña e Lugo posúen 2,5 espazos escénicos. A provincia de Ourense conta por cada 100.000 habitantes con 1,5 espazos pertencentes á RGTA .

Do total dos 94 concellos pertencentes á provincia de A Coruña, máis do 90% participaron na programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña no ano 2006, dispoñendo para elo de recintos públicos tanto pechados como ó aire libre.

En Galicia identificáronse catro salas de titularidade privada nas que se realiza unha programación escénica de maneira estable. Cabe destacar, neste senso, a creación por parte do IGAEM no ano 2007 do circuito Rede Galega de Salas, no que se adscriben as devanditas salas privadas.

Entre os espazos de titularidade privada, cabe destacar a presenza de importantes recintos xestionados dende a obra social das grandes caixas de aforros galegas, como é o caso do Teatro – Sala de concertos e do auditorio do centro cultural Caixanova de Vigo.

MERCADO

Segundo datos do Anuario 2006 do Ministerio de Cultura, ó longo do ano 2005 se realizaron 2.266 representacións de teatro en Galicia, ás que acudiron un total de 445.000 espectadores. En canto á danza, no 2005 se realizaron en Galicia 135 actuacións, ás que asistiron 52.000 espectadores.

Do total das compañías de artes escénicas participantes na RGTA durante o ano 2006, o 75% realizaron espectáculos teatrais e de títeres. As compañías de danza contaron cunha representación do 17% en dito circuíto, e as de maxia cun 8%.

Preto do 83% das compañías de artes escénicas que actuaron durante o ano 2006 na RGTA eran galegas.

Dende a RGTA programáronse un total de 524 actuacións escénicas ó longo no ano 2006. A programación específica de Danza na Rede ofreceu 35 actuacións ó longo do 2006.

Durante o ano 2006, os espectáculos programados dende a RGTA contaron cun total de 95.887 espectadores, dos cales o 77,6% acudiron a representacións teatrais. Tan so o 6,8% dos espectadores asistiron a actuacións de danza.

Do total de espectadores, 31.648 acudiron ás representacións con invitación, o que indica que o redor da terceira parte dos asistentes non contribuíu na recadación acadada polas actuacións.

A recadación acadada pola venda de entradas a espectáculos programados dende a RGTA acadou no ano 2006 un total de 207.740 €, do que preto do 80% foi recadado polas provincias do eixo atlántico. Ourense foi a provincia na que os espectáculos da RGTA acadaron unha menor recadación, obtendo un total de 16.031 €, xa que foi a provincia na que menos actuacións se ofertaron.

No que se refire ó gasto por espectador, o Anuario 2006 do Ministerio de Cultura estima que no ano 2005 en Galicia cada espectador realizou un gasto medio de 5 euros por representación teatral, ascendendo esta cifra ós 12 euros si se toma como referencia a media estatal. No tocante á danza, o gasto medio por espectador en Galicia foi de 11,50 euros, cifra moi próxima ó gasto medio de 12 euros realizado a nivel estatal.

A programación da RGTA do ano 2006 tivo un custe directo asociado de 3.836.839 €, contando ademais a programación de Danza na Rede cun orzamento total de 555.818 €.

Na actualidade, non cabe falar da existencia dun verdadeiro mercado exterior de cara á venda dos espectáculos de artes escénicas producidos en Galicia. Aínda así, pódese destacar que son as compañías de títeres as que máis están a distribuír as súas producións fora do mercado galego, grazas, en boa medida, á súa característica produción de pequeno formato, que lles confire un maior grado de mobilidade e un menor número de custos directos asociados.

ANÁLISE DO TECIDO PRODUTIVO

Ó redor do 24% das agrupacións escénicas existentes en Galicia desenvolven a actividade de forma profesional.

Na actualidade, Galicia conta con 112 compañías profesionais que realizan espectáculos de artes escénicas, entre as que se atopan compañías de teatro, compañías de títeres, de danza, de maxia e de circo, fundamentalmente.

En Galicia hai 81 compañías dedicadas ó xénero teatral, das cales 11 realizan teatro de títeres. No tocante á danza, identificáronse un total de 9 compañías profesionais pertencentes a esta disciplina. En canto á actividade profesional da maxia, cabe destacar a presenza de 22 magos.

En Galicia na actualidade sigue existindo unha tendencia á creación de compañías teatrais de “repertorio” ou “estables” como estruturas organizativas de produción de espectáculos, e dicir, un colectivo maioritariamente formado por actores que en torno á figura dun director, se dedican á creación artística e produción de montaxes escénicas que distribúen eles mesmos, cuxo período de exhibición normalmente non se atopa acotado no tempo.

A forma xurídica predominante é a de sociedade limitada. A condición de autónomo é a maioritariamente empregada polo colectivo da maxia.

5

O 91% das compañías de artes escénicas posúen menos de 5 asalariados.

Preto do 62% das compañías de teatro posúen unha facturación anual menor de 100.000 € (débase ter en conta que este calculo se realizou con datos pertencentes á facturación do 32% das compañías de teatro localizadas en Galicia).

Aproximadamente as dúas terceiras partes das compañías galegas de títeres facturan menos de 100.000 € anuais (débase ter en conta que este calculo se realizou con datos pertencentes á facturación do 27% das compañías de títeres localizadas en Galicia).

Ó redor do 58% das compañías de danza factura menos de 100.000 € ó ano (débase ter en conta que este calculo se realizou con datos pertencentes á facturación do 78% das compañías de danza localizadas en Galicia).

En canto á distribución de espectáculos de artes escénicas en Galicia, na actualidade soamente existe unha empresa que se dedica á distribución de espectáculos escénicos pertencentes ó xénero teatral, de títeres e de danza, ademais de algún espectáculo operístico.

Unha das eivas ás que se afronta en Galicia a distribución de espectáculos escénicos é a falta de planificación da fase de distribución do espectáculo durante a fase de produción, o que está a repercutir fortemente na economía das compañías, ó non axustarse os custos da produción dos espectáculos a unha previsión das vendas do mesmo.

En Galicia, a explotación dun espectáculo implica necesariamente distribuílo e realizar unha xira, posto que non existe un target de público potencial o suficientemente amplo como para manter en cartel un espectáculo nunha mesma praza durante un período longo de tempo. Por outra parte cabe destacar que, debido ó elevado grao de dispersión da poboación en Galicia, a distribución do espectáculo polos diferentes concellos supón uns custos maiores.

En canto ás empresas de servizos técnicos e subministro de insumos, en Galicia non se identificaron empresas que se dediquen exclusivamente ó sector escénico, sendo o sector musical o que absorbe a maior parte do mercado.

A diferenza do que acontece en outros sectores nos que o empregado constitúe un medio de produción dun ben, na produción escénica o propio traballo do artista constitúe un fin en si mesmo: non existen intermediarios entre a materia prima e o produto final, senón que o mesmo artista se converte no produto artístico final. Así, as artes escénicas constitúen un sector intensivo en forza de traballo con poucas posibilidades de incrementar a produtividade do traballo realizado.

6

O único xeito de que as compañías de artes escénicas aumenten a súa produtividade é adoptando algo parecido ó que son as economías de escala, isto é, repartindo os custos fixos da montaxe teatral nunha cantidade o suficientemente elevada de funcións, logrando reducir así os custos por unidade de produto. Aínda así, esta formulación non é válida en Galicia na actualidade, xa que este sector está caracterizado por unha constante sobreoferta.

Dende o punto de vista económico, as artes escénicas se caracterizan por seren un sector no que os custos son crecentes, e cuxa demanda é incapaz de cubrilos, en parte porque a presenza doutros produtos de ocio de consumo masivo que si alcanzaron un abaratamento en termos relativos ó longo do tempo, actúan como produtos substitutivos.

Debido ás características específicas dos produtos ofertados polas compañías produtoras de espectáculos, na actualidade, o sector das artes escénicas precisa da asignación de recursos por parte da Administración Pública co fin de incrementar a produción e a distribución dos espectáculos, así como de incrementar o hábito de consumo de espectáculos escénicos por parte da poboación.

Os principais ingresos que perciben as compañías produtoras de espectáculos escénicos –a parte das axudas públicas- proceden da venda directa do seu produto, e dicir, da venda do espectáculo, ven perciban os ingresos polo pago do seu caxé, ou ven os perciban da billeteira pola venda de entradas.

Os principais clientes das empresas produtoras de espectáculos escénicos son as entidades públicas e a Obra Social das grandes caixas de aforros, xa que os espectáculos de artes escénicas configuran unha parte da súa programación cultural.

O principal reto que deberá asumir a Administración de cara a favorecer a produción de espectáculos escénicos será a articulación dos mecanismos necesarios para que se incremente a demanda de espectáculos por parte dos consumidores finais, feito que contribuirá ó incremento de producións escénicas, ademais de que influirá sobre as decisións tomadas polos diferentes xestores culturais encargados da programación dos espazos, que deberán adaptar a súa programación ás demandas do público, verdadeiro motor do sector escénico.

ANÁLISE LABORAL

A existencia dun importante número de empresas de produción teatral en Galicia, débese fundamentalmente a escaseza de traballo no sector, o que leva ós profesionais do mundo da interpretación –actores e actrices, directores e dramaturgos, fundamentalmente- á creación de unidades empresariais de produción propias como fórmulas de autoemprego para saír así, en moitos dos casos, de situacións de desemprego que se alongan no tempo, ou dunha constante inestabilidade laboral. Así, estímase que máis do 60% das empresas produtoras de espectáculos de artes escénicas en Galicia están constituídas como fórmula de autoemprego, sen contar cun cadro de traballadores estable.

En Galicia, as empresas de artes escénicas, ó non contar cunha demanda suficiente dos seus espectáculos, vense abocadas, de cara á procura da súa supervivencia, a reduciren os custos máis importantes que a produción e distribución dos mesmos lles xeran: os gastos fixos de persoal, o que conleva unha menor demanda de profesionais de cara ás montaxes das producións. Así, é por esta razón pola que a maior parte das producións galegas contan con pequenos elencos artísticos e técnicos.

Segundo datos do Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións, ó longo do ano 2006 contratáronse un total de 2.451 persoas baixo a rúbrica da Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO) “Actores e directores de cine, radio, televisión e de teatro e asimilados”. Aínda que se trata dunha cifra importante, cabe destacar que, por unha parte, moitos destes contratos son froito do auxe que está a atravesar na actualidade o sector audiovisual; por outra,

o elevado número de contratacións revela o alto grao de temporalidade que caracteriza esta actividade.

O Estudo do Mercado Laboral Galicia 2005 realizado polo Instituto Galego das Cualificacións, revela para ese ano un ratio de masculinidade do 67,10% para o total dos contratos realizados da ocupación de “Actores e directores de cine, radio, televisión e de teatro e asimilados”.

Os profesionais do eido artístico, por termo medio, soen traballar o ano como integrantes dunha produción teatral ó redor de 60 días.

ANÁLISE DA DEMANDA

De cara á análise da demanda de espectáculos de artes escénicas en Galicia, realizouse un cuestionario sobre unha mostra de 840 persoas distribuídas ó longo da xeografía galega.

Metodoloxía utilizada:

A recollida de información realizouse mediante entrevista telefónica a unha mostra representativa de poboación maior de idade residente en cada unha das catro provincias de Galicia, con cotas por tipo de hábitat, sexo e idade, dentro do colectivo poboacional que asiste e que nunca asiste, ou faino con moi pouca frecuencia, a espectáculos de artes escénicas. Para a realización do traballo de campo, Proxectos dispón dun sistema CATI (Computer Assisted Telephone Interview, isto é, Enquisas Telefónicas Asistidas por Ordenador). Este sistema permite entrevistar a un gran número de individuos con amplas garantías técnicas e nun curto período de tempo. Entre as principais vantaxes desta tecnoloxía cómpre destacar as seguintes:

- Cumprimento estrito do criterio de azar estatístico: o programa presenta os números telefónicos que deben ser marcados polo equipo de traballo de campo dun xeito totalmente aleatorio, o que garante a igual posibilidade de cada unidade do universo de formar parte da mostra final.
- Facilidade de xestión dos cuestionarios: esta vantaxe faise patente pola posibilidade de introducir un gran número de filtros que poden chegar a ser complexos e relacionar grupos de preguntas.
- Posibilidade de rotar e facer aleatoria tanto a orde das preguntas como das propias categorías de resposta, o que evita hipotéticos sesgos debidos á orde das mesmas e reforza a calidade (e fiabilidade) da información que se obtén.

- Minimización de erros na entrada de datos: obtense un menor erro polo feito de introducir a información unha única vez e directamente no ordenador (elimínase a fase de picado dos cuestionarios, fonte habitual de inexactitudes). Por outra banda, a existencia de filtros e saltos e a definición de inconsistencias reduce considerablemente o tempo de depuración dos datos e a contradición entre variables. Tamén é preciso indicar que a non presenza física do entrevistador pode favorecer a veracidade das respostas ante determinados temas e preguntas especialmente sensibles.

Como xa se mencionou anteriormente, buscouse a representatividade da mostra sexo, idade e hábitat, dentro do colectivo poboacional que asiste ou non a espectáculos de artes escénicas. Deste xeito, para a execución do traballo de campo levouse a cabo unha mostraxe polietápica, con selección aleatoria non proporcional das unidades primarias (individuos que asisten e que non asisten frecuentemente a espectáculos de artes escénicas) e aleatoria proporcional das unidades mostrais finais por cotas de hábitat, idade e sexo.

Estratos para a afixación da mostra

Tipos de concello (hábitat)	- Urbano - Maioritariamente urbano - Maioritariamente rural - Rural
Idade	- 16-29 - 30-49 - 50-64 - 65 e máis
Sexo	- Homes - Mulleres

Ficha técnica do estudo

Universo:	Poboación residente en Galicia maior de 16 anos con liña telefónica fixa no seu fogar
Nivel de confianza:	95,45%
Probabilidade:	Hipótese de máxima indeterminación ($p = q = 50\%$)
Error de mostraxe no colectivo de non / pouco asistentes:	4%
Tamaño da mostra de non asistentes	638

Categorías empregadas para a afixación da mostra:

Á hora de realizar o traballo de campo para este estudo, distinguíronse catro tipos de concellos: *urbanos, eminentemente urbanos, rurais e eminentemente rurais*.

- *Concello urbano* é aquel cuxas parroquias non rurais conforman o 75% ou máis do total do territorio municipal.
- *Concello eminentemente urbano* é aquel cuxas parroquias non rurais superan o 50% do total do territorio pero que non alcanzan o 75% do territorio municipal.
- *Concello rural* é aquel cuxas parroquias rurais conforman o 75% ou máis do total do territorio municipal.
- *Concello eminentemente rural* é aquel cuxas parroquias rurais superan o 50% do total do territorio pero que non alcanzan o 75% do territorio municipal.

Como a unidade de análise que se utiliza para tipificar os concellos é a parroquia, faise necesario explicar cales son os criterios que se tiveron en conta para determinar unha parroquia como rural ou como non rural.

Os valores concretos que caracterizan as parroquias rurais e as parroquias e entidades singulares non rurais son os seguintes:

Parroquias rurais:

- Parroquias que non superen 1.000 habitantes independentemente da súa densidade poboacional.
- Parroquias cunha densidade poboacional inferior aos 400 h/km² non superiores a 5.000 habitantes.

Parroquias e entidades singulares non rurais:

- Parroquias e entidades singulares que superen os 5.000 habitantes, independentemente da súa densidade poboacional.
- Parroquias e entidades singulares cunha densidade poboacional igual ou superior aos 400 h/km², sempre e cando a súa poboación sexa igual ou superior a 1.000 habitantes.

Principais conclusións extraídas da enquisa:

Do total dos enquisados, o 76% manifestaron acudir a representacións de artes escénicas menos dunha vez ó ano.

De entre as disciplinas escénicas consideradas para a realización do estudo, a que reflicta maior porcentaxe de asistencia sobre o total da mostra é o Teatro para adultos, cunha porcentaxe do 17,5% de persoas que acoden polo menos unha vez ó ano, seguido polas disciplinas de Teatro infantil (7,9%), Danza (4,8%), Circo (4,4%) e Maxia (2%).

Perfil do público que asiste a representacións escénicas ó menos unha vez ó ano:

Segundo a enquisa realizada, o perfil que caracteriza ó público que asiste a espectáculos escénicos en Galicia correspóndese co dunha muller de entre 30 e 49 anos de idade, con estudos superiores e que reside nun concello urbano.

PERFIL DO PÚBLICO DE ESPECTÁCULOS ESCÉNICOS		
SEXO	Home	33,70%
	Muller	66,30%
IDADE	16-29	21,30%
	30-49	40,60%
	50-64	21,30%
	65 ou máis	16,80%
TIPO DE CONCELLO	Urbano	47,50%
	Maioritariamente urbano	20,80%
	Maioritariamente rural	10,40%
	Rural	21,30%
NIVEL DE ESTUDOS	Sen estudos ou primarios sen finalizar	2,50%
	Primarios, EXB	27,20%
	Secundarios, Bacharelato, FP	32,70%
	Universitarios	36,10%
	NS/NC	1,50%

Fonte: Elaboración propia a partir de entrevistas.

11

Caracterización da poboación que declara asistir a representacións escénicas cunha frecuencia menor a unha vez ó ano

O 45% dos enquisados que manifestan acudir a representación escénicas menos dunha vez ó ano afirman non posuír no seu concello un teatro ou espazo escénico.

O 55,3% dos enquisados que non adoitan acudir a representacións escénicas declararon que non teñen coñecemento de que no seu concello ou concellos próximos se representen este tipo de espectáculos.

Do total de enquisados que declararon asistir menos dunha vez ó ano a representacións teatrais, un 30,7% dos mesmos apuntaron entre as razóns de non acudir a este tipo de espectáculos a falta de interese polos mesmos. O 30,10% dos entrevistados tamén apuntaron como razón para non asistir a distancia existente entre a residencia habitual e o lugar onde se celebran as representacións.

ANÁLISE DO TRATAMENTO DO SECTOR NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

De cara á realización dunha análise do tratamento do sector escénico nos medios de comunicación, realizouse un seguimento da presenza coa que contaron as artes escénicas na

prensa escrita durante o trimestre comprendido entre decembro do ano 2006 e febreiro do 2007. Empregáronse os seguintes xornais e suplementos anexos ós mesmos:

- A Nosa Terra
- A Peneira
- Atlántico Diario
- Diario de Pontevedra
- El Correo Gallego
- El Cultural
- El Ideal Gallego
- El País
- El Progreso
- Faro de Vigo
- Galicia Hoxe
- La Opinión
- La Región
- La Voz de Galicia
- Nova +
- Revista Inquedanzas
- Tempos Novos

Analizáronse as categorías de: Novas, Anuncios (publicidade), Críticas e Axenda, para cada unha das diferentes disciplinas escénicas.

12

Rexistro das novas

Frecuencias novas					
Mes	Teatro	Danza	Maxia	Outras	Total
Decembro	79	19	10	70	178
Xaneiro	99	50	2	78	229
Febreiro	102	33	0	41	176
Total	280	102	12	189	583

Fonte: Elaboración propia

Rexistro dos anuncios

Frecuencias anuncios		
Mes	Nº	%
Decembro	26	38,8
Xaneiro	13	19,4
Febreiro	28	41,8
Total	67	100

Fonte: Elaboración propia

Rexistro de anuncios por entidade anunciante

Anuncios por entidade anunciante	
Anunciante	Nº anuncios
Salón Teatro	29
Caixanova	10
Rede Galega de Teatros e Auditorios	7
Centro Coreográfico Galego	5
Compostela Cultura	4
Teatro Principal	3
Centro Dramático Galego	3

Fonte: Elaboración propia

Rexistro das críticas

Frecuencias críticas				
Mes	Teatro	Danza	Maxia	Outras
Decembro	28	1	2	5
Xaneiro	7	4	0	0
Febreiro	12	2	0	4
Total	47	7	2	9

Fonte: Elaboración propia

Rexistro da axenda

Frecuencias representacións anunciadas na axenda*			
Mes	Teatro	Danza	Maxia
Decembro	249	40	11
Xaneiro	108	30	3
Febreiro	235	27	4
Total	592	97	18

Fonte: Elaboración propia

*Mostra: escolléronse aleatoriamente dous días en cada un dos 9 xornais analizados

OUTROS ÁMBITOS DO SECTOR DAS ARTES ESCÉNICAS

No ano 2006 púxose en funcionamento a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, ofertando as especialidades de Interpretación e Dirección de Escena. Os títulos obtidos equivalen, a tódolos efectos, a unha titulación universitaria de grao superior.

A ausencia hasta fai un ano dun centro de ensinanzas superiores de arte dramática de carácter oficial contrarrestábase coa existencia de numerosas entidades de natureza tanto pública como privada, que ofertaban ensinanzas deste tipo. Así, cabe destacar un importante número de escolas municipais de teatro, ademais dos diferentes cursos realizados dende as universidades e dende o propio Centro Dramático Galego.

En canto á danza, aínda que en Galicia existen centros nos que se imparten ensinanzas regradas dende hai anos, os estudos impartidos refírense ós graos elemental e medio, que non cualifican ós bailaríns de cara ó exercicio profesional. Deste xeito, os bailaríns vense abocados a completar os seus estudos fora da comunidade galega.

En Galicia existe unha importante rede de academias de danza de carácter privado, ás que normalmente acoden bailaríns a preparar os exames das titulacións oficiais, ou ben para recibir formación de disciplinas con escasa presenza nas ensinanzas oficiais. Cabe destacar que nos últimos anos, se crearon numerosas academias de danza contemporánea.

En Galicia non existe formación regrada para os técnicos de espectáculos escénicos. En consecuencia, este tipo de profesionais estanse a formar nas escolas de Imaxe e Son, cuxos estudos están dirixidos fundamentalmente ó sector audiovisual.

En canto ó asociacionismo profesional, as principais asociacións que agrupan ós diferentes colectivos do sector das artes escénicas son:

- Asociación de Empresas de Artes Escénicas Escena Galega
- Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)
- Asociación Galega de Profesionais da Danza (AGPD)
- Danza Escénica Galega (DANESGA)
- Asociación Profesional de Técnicos das Artes Escénicas e Audiovisuais (GALATEA)
- Asociación de Magos Profesionais de Galicia (MPG)
- Asociación de Autores de Teatro (AAT)
- Unión Internacional de la Marioneta (UNIMA). Delegación de Galicia

Cabe destacar a presenza da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA), que aínda que non é unha asociación profesional, actúa como trampolín ó eido profesional para moitos dos seus integrantes.